

---

# EDUCACIÓN PARA UN MUNDO NOVO

Texto de **MARÍA MONTESSORI**

Tradución de **CARLOS ACEVEDO**

Epílogo de **LOIS FERRADÁS BLANCO**

---

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 128 páx. 14 €.  
ISBN 978-84-8464-270-1. Biblioteca de Pedagogía, nº3.

*A educación é un proceso natural que se desenvolve espontaneamente no individuo, e que non se adquire escoitando as palabras dos demais, senón mediante a experiencia directa do mundo circundante. Daquela, a tarefa do mestre consistirá en preparar unha serie de impulsos e incentivos á actividade cultural, fornecidos nun ambiente preparado a tal propósito, para despois absterse de calquera intervención demasiado directa e invasora...*

Entre a vintena de libros de María Montessori, “Educación para un mundo novo” (1946) recompila as conferencias que impartiu na India, un país ao que viaxou en 1939 e onde a súa pedagogía foi recomendada por Tagore e Gandhi. Ao pouco, Italia entrou na II Guerra Mundial e quedou alí confinada; un tempo no que se interesou pola etapa da infancia dos 0 aos 3 anos e impulsou as “Casas dos Nenos” como alternativa ás garderías.

Apostando pola liberdade, cunha concepción activa da aprendizaxe, e cunha orientación universalista e pacifista, María Montessori revolucionou os sistemas escolares existentes ata entón ao poñer o neno/a como protagonista do proceso educativo a través dunha metodoloxía didáctica promotora da maduración progresiva da infancia. Potenciou a educación sensorial, creou novos materiais co obxectivo de favorecer a autoaprendizaxe e puxo a escola ao alcance da infancia, ao defender que esta tiña que adaptarse ao mundo infantil, non ao revés. No Método Montessori -entendido como unha axuda á vida- os rapaces desenvólense nun ambiente preparado que parte dos principios naturais de autonomía, independencia, iniciativa, capacidade para elixir, desenvolvemento da vontade e autodisciplina. María Montessori cría na necesidade de darlle a cada persoa a oportunidade de desenvolver as súas propias capacidades, a ser máis equilibrados e independentes.

No mundo hai máis de 22.000 centros educativos montessorianos. A mestra María Barbeito e Cerviño (1880-1970) foi pioneira na súa implantación en Galicia e o seu legado foi tamén recollido por Preescolar na Casa e por Nova Escola Galega.

Este volume da colección “Biblioteca de Pedagogía” mostra as grandes capacidades dos nenos e orienta os adultos cara a un novo xeito de intervención en colaboración coa natureza.



- **Temática:** legado educativo de María Montessori.
- **Receptores:** educadores; nais e pais.
- **Aspectos destacables:** epílogo de Lois Ferradás, un dos promotores de Preescolar na casa; da colección ‘Biblioteca de Pedagogía’ que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos: “A cidade dos nenos” e “Cando os nenos din BASTA!”, de Francesco Tonucci, “A imaxinación e a arte na infancia”, de Lev Vigotsky.

---

## María Montessori

(Chiaravalle, 1870 - Nordwijk, 1952)

Ademais de educación e pedagogía, formouse noutros eidos do saber: psiquiatría, antropoloxía, bioloxía, filosofía... Foi a primeira muller italiana graduada como doutora en medicina. En 1907 abriu a primeira “Casa dos Nenos”, que marcou un antes e un despois na educación infantil. As súas innovacións obrigárona a exiliarse da Italia fascista de 1933 porque o totalitarismo adoutrinaba os mozos para obedecer, en vez de favorecer o pensamento e a liberdade. Viviu en España, India e Holanda, onde desenvolveu programas de formación para novos docentes. Foi nominada ao Premio Nobel da Paz en tres ocasións. O Método Montessori xa acadara sona internacional cando, en 1947, María Montessori regresou ao seu país, onde lle encargaron reorganizar as escolas. A Asociación Montessori Internacional, creada en 1929, vela pola integridade e a continuidade do seu legado.

---

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---